

Congo: altos beneficios da guerra

Description

Despois de iniciar un frágil proceso de paz, o Congo volveu a sufrir novos conflitos na rexión este. O informe presentado por un grupo de expertos da ONU provocou numerosas declaracións.

O secretario xeral da ONU, Kofi Annan, preguntado por un informe difundido o pasado 21 de outubro sobre o Congo, pediu a comunidade internacional que tome medidas para por fin a explotación de recursos naturais e outras formas de riqueza na RDC, por parte de empresas e estados estranxeiros, que obtén altos beneficios do conflito na rexión.

O informe, elaborado por un grupo de expertos da ONU, recomenda impoñer restricións financeiras a 29 empresas con intereses en Congo e con sede en Búxica, Ruanda, Zimbawe, o propio Congo e Sudáfrica. Por outra banda, o informe menciona directamente a 54 persoas con altos cargos aos que recomenda que se lles impoñan restricións financeiras así como a prohibición de viaxar. Entre os mencionados destacan o Ministro da Presidencia de Congo, Agustin Katumba Mwanke, o antigo Ministro de Minas, Kibassa Maliba, e o embaixador de Congo en Harare, Mwana Nanga Mwapanga. Preguntado pola responsabilidade dos gobernos estranxeiros na protección dos recursos do Congo fronte ás empresas citadas no informe, Annan declarou que "tá na esperanza de que favorezan a imposición dun embargo ás exportacións de Congo, se realice unha prohibición directa destas prácticas e os gobernos se responsabilicen das accións das empresas rexistradas nos seus respectivos países".

Tras a presentación do informe e nun intento de frear o conflito na rexión, o enviado especial do Secretario Xeral da ONU para a Rexión, Moustapha Niasse, comezou unha nova ronda de conversas coas diferentes partes. Estas reunións, mantidas en Pretoria e co apoio da Unión Africana e o goberno de Sudáfrica, buscan chegar a acordos que faciliten unha transición política que poida fin a guerra en Congo.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADO TEMÁTICO GEOGRÁFICOS

África ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Novembro 5, 2002

Meta Fields

Autoría : 3717

Datapublicación : 2002-11-05 00:00:00